



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BINV-CC / 2018

Expediente: 2018000005498

## RESOLUCIÓN Nº33314 DO 01/10/2018, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2018- ÁREA DE CIENCIAS

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.**

A Resolución de Presidencia nº 27001 do 17/08/2018 aprobou a concesión provisional das BOLSAS INVESTIGACIÓN 2018- Área de ciencias, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que dentro do prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes alegacións e emendas:

-Cristina Vieites Blanco solicitou a revisión da súa puntuación no apartado "Curriculum". Con data 12/09/2018 o tribunal emitiu informe confirmando a puntuación acadada pola solicitante e detallando a puntuación obtida en dito apartado, o que foi notificado á interesada con data do 19/09/2018.

-Luis Miguel Serrano Pérez solicitou a revisión da súa puntuación no apartado "Proxecto de investigación". Comprobada a acta da primeira reunión do tribunal, do 13 de xullo de 2018, constan os seguintes subcriterios de valoración no apartado de "proxecto de investigación": 1) Interese da investigación (ata 3 puntos).Dentro de este apartado valórase a novidade e orixinalidade dentro da investigación na área de referencia (ata 1 punto), a utilidade e capacidade de incidencia nos ámbitos da área (ata 1 punto), e o grao ou nivel de repercusión social potencial e viabilidade da súa aplicación práctica (ata 1 punto).2) Rigor na formulación do proxecto de investigación (ata 1 punto). Dentro deste apartado valórase a claridade na identificación e xustificación do obxecto de investigación (ata 0,5 puntos) e a coherencia entre os obxectivos, metodoloxía, recursos, accións e prazos para o desenvolvemento do proxecto (ata 0,5 puntos).g

Con data 12/09/2018 o tribunal emitiu informe confirmando a puntuación acadada e detallando a puntuación obtida no apartado de "Proxecto de investigación" o que foi notificado ao interesado con data do 19/09/2018

-Rafael Carballeira Coego solicitou coñecer os criterios de valoración do proxecto de investigación o que se lle informou con data do 30/08/2018. Tamén solicitou coñecer a avaliación desagregada da puntuación adxudicada o que foi notificado ao interesado con data do 05/09/2018.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

- 1.- Desestimar as alegacións presentadas polas persoas solicitantes
- 2.- Conceder definitivamente as bolsas aos solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 24.000,00€.
- 3.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220180023274, importe:24.000,00€.
- 4.- Nomear suplentes ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 2.
- 5- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4

## ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

Solicitudes		Importe bolsa
Persoa beneficiaria	ALBA GARCÍA ULLOA	8.000,00€
Expediente	2018000026842	
Obxecto	Efecto de distintos escenarios de cambio climático sobre o rendemento e o valor nutricional de Brassica napus L.	
Persoa beneficiaria	ANA NANTÓN VARELA	8.000,00€
Expediente	2018000027208	
Obxecto	Análise de paternidade e relacións de parentesco na coquina donax trunculus	
Persoa beneficiaria	RAFAEL CARBALLEIRA COEGO	8.000,00€
Expediente	2018000027125	
Obxecto	Dinámica del arsénico (As) en aguas de transición litorales y efecto sobre las comunidades biológicas	
Total concedido		24.000,00€

RPT-122

## ANEXO 2. SUPLENTES

Suplente 1: María Verónica Prego Faraldo  
Suplente 2: Jorge Lado Sanjurjo  
Suplente 3: Ana Mallo Abreu  
Suplente 4: :Tania García Lamas

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.